


# ProgramaEureka



## Programa de enriquecemento para alumnado con altas capacidades.

O Programa Eureka leva dende o ano 2014 atendendo ás necesidades educativas, psicosociais e emocionais do alumnado con altas capacidades.

Consideramos que o motor da aprendizaxe debe partir da implicación dos e das participantes e para que esta implicación sexa real e significativa se lles debe proporcionar un espazo motivador e enriquecedor que permita: a expresión, toma de decisións flexibles, a superación de retos, a investigación, a adquisición de habilidades e a resposta a necesidades individuais e grupais.

Deste xeito, as áreas que se desenvolven nas sesións son:

- **Cooperación, traballo en equipo e relacións sociais:** transmitindo que sumando esforzos chegamos máis lonxe e que as dinámicas que se desenvolven en equipo contribúen tamén ao desenvolvemento individual. O desenvolvemento de actividades e debates xunto a outros alumnos e alumnas con características similares facilita unha máis visión máis empática das situacións que viven os nenos e nenas con altas capacidades e permite que aporten ideas para colaborar na resolución das inxedanzas individuais.
- **Autoestima:** Traballar a autoestima como forma de enriquecer o control emocional.
- **Auto descubrimento:** traballar na idea de que o alumnado debe procesar as experiencias, vivirlas, e aprender a xestionalas de maneira cada vez máis autónoma.
- **Creatividade:** favorecer, a través dun proxecto educativo grupal proposto a principio de curso, que o alumnado dispoña de recursos que lle permitan integrar unha visión creativa no desenvolvemento do proxecto, que conta cun profesional específico como guía.  
Entre os proxectos creativos realizados outros anos están: cine, robótica, estación de radio e podcast, creación de videoxogos...
- **Pensamento diverxente:** aprender que moitas veces hai máis dunha solución aos problemas. Romper co esquema "problema A – solución B" para entrar nunha dinámica de busca de múltiples solucións alternativas.
- **Pensamento crítico:** reforzar a capacidade de cuestionar, de xeito razoado e argumentado, diferentes temas de índole social e cultural.

CENTRO NO QUE SE DESENVOLVE	DESTINADO A	DÍA	DURACIÓN E HORARIOS (pendente de concretar horarios)
CEIP PRAZA DE BARCELOS	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Primaria</li> <li>- Secundaria</li> <li>- Bacharelato</li> </ul>	Os venres (de outubro a xuño coincidindo co calendario escolar)	<b>90 minutos de sesión:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 45 minutos de actividades socioeducativas</li> <li>- 45 minutos de proxecto grupal creativo</li> </ul>

### Información e contacto:

**FANPA Pontevedra:** r/ SanGuillermo 9, 986 843 412 ou no e-mail [actividades@nontedurmas.org](mailto:actividades@nontedurmas.org)

**ANIAS:** r/ Echegaray 39baixo, 986 864 598/ 615 780 528 ou no e-mail [anias@anias.es](mailto:anias@anias.es)